



Novas de Mesía

CULTURA E DEPORTE

ACTIVIDADES DE NADAL NOS COLEXIOS

O vindeiro **18 de decembro** a compañía de teatro Os Quinquilláns realizará o contacontos "¿Por que é salgada a auga do mar?", para os nenos e nenas de infantil e primaria do CPI de Xanceda. Nesta mesma xornada o Paxe Real visitará as Escolas Unitarias de Olas e Visantoña así como o CPI de Xanceda para recoller as cartas ós Reis Magos e entregar caramelos a todos os rapaces de infantil e primaria.

CANTOS CONTOS NO NADAL

O **23 de decembro** ás 12:00 da mañá terá lugar na Casa da Cultura a actuación de Pablo Díaz, autor de contos con música como "Tic tac" e "Toc toc". Vai dirixida a nenos e nenas **de 0 a 5 anos**.

Actividade da Rede de Dinamización Lingüística.

Anotarse na Casa da Cultura, prazas limitadas.

CACHIBOL DE NADAL

Días: O 21 e 28 de decembro e o 5 de xaneiro.

Hora: de 11:00 a 12:30 h.

Lugar: Pavillón de Olas.

Actividade gratuíta e aberta a todo o que queira, non só ós anotados no cachibol anual. É aconsellable ir en compañía de fillos, netos, outros familiares e veciños, para que o xogo sexa máis divertido.

FESTA DE REIS

Día: Martes 5 de xaneiro.

Horario e Lugar: 16:30 a 20:00 no Pavillón de Visantoña.

Os Reis Magos visitarannos e entregarán caramelos e agasallos a todos os nenos e nenas. Ademais haberá unha festa con inchables, xogos, talleres etc.; e non faltará o tradicional roscón de Reis.

É necesario que **vos anotedes canto antes** na Casa da Cultura para que os Reis conten con vós.

NOTA: Esta festa trasládase ó pavillón de Visantoña porque despois das obras realizadas, estas instalacións están mellor acondicionadas para este evento.

Pero rogamos **NON ir en ZAPATOS DE TACÓN** debido ás características do novo chan.

COCIÑA DE NADAL

XORNADAS DE COCIÑA DE NADAL

Xornadas de cociña práctica na que aprenderemos a elaborar pratos para facer nas datas de Nadal.

Días: Os venres 11 e 18 de decembro.

Horario: 10:00 a 12:00.

Lugar: Casa da Cultura.

Prezo: 10 €

Anotarse na Casa da Cultura antes do 9 de decembro.

Prazas limitadas.

SAÍDAS

EXCURSIÓN: PATINAXE SOBRE XEO E CINE

Día: Martes, 22 de decembro.

Horario: De 10:00 a 19:30 h (saída e chegada aproximada á Casa da Cultura). A saída será ás 10:00 en punto.

Idade: Para patinar, a partir de 5 anos. Os menores de 12 anos deben ir cun adulto; para os demais, os pais terán que asinar unha autorización.

Características: Patinaxe no Marineda City. Levar luvas (obrigatorias), pantalón e calcetíns de reposto.

Comeremos neste centro comercial. A comida non está incluída. Pódese levar da casa ou mercala alí.

Prezo: Patinaxe: 3,50 € para todos; Cine: 3€ para nenos, 4 € para os adultos que acompañen os nenos. Cine no Espacio Coruña.

Pagarase antes do día da saída.

INSCRICIÓNS: ata o 17 de decembro na Casa da Cultura.

SAÍDA AO XUVENLUGO (LUGO)

Día: Martes, 29 de decembro.

Hora: De 15:00 a 21:30 h. (Saída e chegada: Casa da Cultura)

Idade: Todas as idades. **Importante:** Os menores de 10 anos deberán ir cun adulto que se responsabilice deles. Para os demais, cómpre autorización asinada dun proxenitor.

Prezo: 4 € para nenos e adultos acompañantes.

Características: Visita ao Salón de Ocio Infantil e Xuvenil situado no Pazo de Congresos de Lugo. Atraccións de todo tipo e tamén un espazo infantil para os máis pequenos (de 0 a 3 anos). Hai outras como minigolf, karts ou piscina con barquiñas DE PAGO.

Observacións: Pódese levar un bocadillo para merendar ou mercado en Xuvenilugo.

INSCRICIÓNS: Ata o 23 de decembro na Casa da Cultura.. PRAZAS LIMITADAS!

ECOBAUL NADAL

OBRADOIRO DE VELAS RECICLADAS

Volve unha nova edición do programa ECO-BAUL cunha actividade de velas decorativas e aromáticas elaboradas con aceite usado, froita e outros materiais reciclados. Este pode ser un bo agasallo de Nadal.

Día: Sábado 12 de decembro.

Horario: 10:30 a 13:30.

Lugar: Casa da Cultura.

Prezo: Actividade gratuíta.

Anotarse na Casa da Cultura antes do 9 de decembro.

Prazas limitadas.

DEPORTE SOLIDARIO

TORNEO INFANTIL MESÍA SOLIDARIA

Sábado, 26 de decembro de 2015.

Eliminatorias 11:00 – 18:00 a finais as 19:00 no: Polideportivo de Olas

Torneo solidario de fútbol sala para recadar ALIMENTOS PARA FAMILIAS NECESITADAS (Para Cáritas da Comarca) e cartos a favor da ASOCIACIÓN DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (AMARAI) DE BOIMORTO.

PREZO DA INSCRICIÓN e da ENTRADA: 1 Kg de comida por participante e persoa do público. Lembrade que deben ser produtos non perecedeiros.

Dúas categorías Benxamín de 5 a 10 anos e Infantil de 11 a 15 anos.

Inscricións ata o 21 de decembro en elenarocamoro@concellodemesia.es.

Máis info. na web e facebook Deporte Concello Mesía.

VIII TORNEO DE FÚTBOL SALA MESÍA CONTRA O CÁNCRO

Día: Domingo, 27 de decembro de 2015.

Horario e lugar: 10:00 - 20:30 h. Pavillón de Olas.

Inscricións EQUIPOS en elenarocamoro@concellodemesia.es ata o 21 de decembro. As EMPRESAS que queiran aparecer no cartel coma colaboradores, tedes prazo ata o 4 de decembro.

FURNA DE DOAZÓNS no Concello do 7 ao 24 de decembro para entregar donativos, ou o mesmo día no Pavillón.

Todo o recadado coas achegas de particulares, empresas, equipos e asociacións será entregado á Asociación Española Contra el Cáncer.

Máis info. na web e facebook Deporte Concello Mesía.

EDUCACIÓN - FORMACIÓN

INFORMÁTICA BÁSICA PARA ADULTOS

A mediados de xaneiro comezará o curso de informática básica na Casa da Cultura. Se estades interesados/as aínda quedan prazas dispoñibles, anotádevos canto antes.

Horario: 1 hora e media á semana.

Prezo: 20 €.

Duración: Un mes.

CURSO DE APLICADOR DE FITOSANITARIOS

Curso orientado a persoas que traballen en explotacións agrícolas, viveiros... pero tamén para todos os particulares que deban usar estes produtos. Este curso é imprescindible para poder acceder ó exame para obter o carné de aplicador de fitosanitarios.

Data: Finais de febreiro ou comezos de marzo.

Duración: 20 horas.

Prezo: 90 € cun mínimo de 15 alumnos/as.

Información e inscricións na Casa da Cultura.

ECOBAÚL

CURSO DE PODA E ENXERTOS

En xaneiro continuará o programa ECO-BAUL, esta vez cunhas xornadas formativas sobre a poda de árbores e enxertos.

Días e horarios: A acordar unha vez se forme grupo. Comezará a mediados de xaneiro.

Lugar: Casa da Cultura e unha leira municipal.

Duración: 30 horas.

Prezo: 30 €.

Anotarse na Casa da Cultura antes do 11 de xaneiro.

Prazas limitadas.

XUNTANZA DO NADAL

Día: Sábado 19 de decembro.

Lugar: Restaurante Cadaval.

Prezo: 25 €.

Información e inscrición: Servizos Sociais; teléfono 981 68 72 38.

AVISOS

INSCRICIÓN E PAGOS DAS ACTIVIDADES

Para asistir ás actividades debédesvos anotar na Casa da Cultura e unha vez confirmada a praza ingresar o custe da actividade na conta que o Concello ten na entidade A Banca. Despois debedes entregar o recibo de pago no Concello ou na Casa da Cultura.

HORARIOS NADAL CASA DA CULTURA E CONCELLO

Os días 24 e 31 de decembro o Concello abrirá de 9:30 a 13:30 e a Casa da Cultura permanecerá pechada.

O día 5 de xaneiro a Casa da Cultura abrirá só pola mañá.

O vindeiro ano 2016 modificaranse os horarios da Casa da Cultura, podédesvos informar dos novos horarios no Concello ou na propia Casa da Cultura.

RENOVACIÓN DO DNI

A unidade móbil para a renovación e expedición do Documento Nacional de Identidade estará en Ordes nas seguintes datas: o 26 e 29 de febreiro e o 1, 2, 3 e 4 de marzo do 2016.

Debedes pedir cita chamando ó Concello de Ordes, teléfono 981 68 00 02.

O alcalde, toda a corporación do Concello de Mesía e os traballadores municipais deséxanlles Bo Nadal e un Feliz Aninovo 2016.



Concello de Mesía

